

Unidades de desenvolvemento infantil e apoio familiar



DEZA – SALNÉS - BERGANTIÑOS

10 ANOS DE INVESTIGACIÓN E ATENCIÓN TEMPERÁ. 2009-2019

XUNTA DE GALICIA

LIMIAR

Conseguir unha Galicia moderna e cohesionada pasa por asumir o reto demográfico e facer de Galicia un territorio atractivo para vivir e crear unha familia. Facilitando itinerarios seguros de socialización para todas ás familias e os recursos que precisan cando hai que afrontar situacións inesperadas ou adversas no curso do súa crianza.

Neste marco comprensivo inscríbese o compromiso asumido pola Xunta de Galicia e a Asociación Galega de Atención Temperá para impulsar, a experiencia asistencial e de investigación que dende hai dez anos está a desenvolverse nas comarcas do Deza, Salnés e Bergantiños mediante a implantación das Unidades de Desenvolvemento Infantil e Apoio Familiar.

O proxecto responde á vontade da Consellería de Política Social de poñer a disposición das familias, na proximidade do seu domicilio e do seu traballo, un apoio personalizado sen diminución das súas oportunidades laborais, educativas ou de vida social, seguindo así os principios do Decreto 183/2013, de 5 de decembro, polo que se crea a Rede Galega de Atención Temperá.


Este proxecto inscríbese nunha estratexia de estudo cuantitativo e cualitativo das necesidades dos nenos e das familias en ámbitos territoriais definidos co obxecto de investigar procesos e metodoloxías, obter resultados e coñecer os niveis de satisfacción das familias, contribuindo a perfilar un dispositivo tipo cos servizos máis necesarios, os indicadores de seguimento da súa xestión e os perfís formativos idóneos dos profesionais.

A experiencia das UDIAFS amosa, como reclama o Decreto antes citado, a importancia de contar con servizos de proximidade e fórmulas de traballo transversais, interdisciplinarias, de coordinación e xeración de sinerxías entre o conxunto de recursos que se moven ao redor das familias.

Agradecemos aos equipos das UDIAFS así como aos concellos, institucións e profesionais das comarcas do Deza, do Salnés e Bergantiños a excelente acollida ofrecida a este proxecto e o traballo realizado ata o de agora que, indubidablemente, constituirá unha referencia no proceso de avance cara a consolidación e universalización da atención temperá, a promoción da autonomía e a prevención da dependencia nos máis cativos.

Fabiola Martínez García
Conselleira de Política Social

INDICE



As comarcas, os Concellos, as UDIAF	4
Os equipos	5
O ámbito funcional	6
Os indicadores de avaliación	7
As memorias de actividades	8
A poboación atendida	9
As prestacións comunitarias	10
A satisfacción das familias	11
A tipoloxía da demanda	12
A clasificación diagnóstica	13
Os estudos realizados	14
Algunhas recomendacións	15

AS COMARCAS, OS CONCELLOS E AS UDIAF

As UDIAF son dispositivos da Rede Galega de Atención Temperá:

- Comunitarios
- Sectorizados
- Territorializados
- Públicos
- Accesibles e gratuitos
- Estables
- Especializados e interdisciplinarios
- Próximos as familias e as contornas naturais
- Participativos
- Sinérxicos

Comarca do Salnés

1. Cambados
2. Illa de Arousa
3. O Grove
4. Meaño
5. Meis
6. Ribadumia
7. Sansenxo
8. Vilagarcía
9. Vilanova



Comarca de Deza

1. Vila de Cruces
2. Agolada
3. Silleda
4. Lalín
5. Rodeiro
6. Dozón




Comarca de Bergantiños

1. Malpica de Bergantiños
2. Ponteceso
3. Carballo
4. Laracha
5. Laxe
6. Cabana de Bergantiños
7. Coristanco



OS EQUIPOS



O núcleo asistencial das unidades é un equipo interdisciplinario formado por **especialistas en desenvolvemento infantil e atención temperá** que poden atender calquera problema evolutivo, colaborando coas familias e cos recursos da contorna. Os equipos contan con coordinación técnica externa mediante un experto da agat.

Utilizan a metodoloxía de traballo coñecida como de “coordinador de caso”, no marco procedimental do protocolo de coordinación, intervención e derivación da rede galega de atención temperá. A organización do traballo está facilitada por un documento de funcións e unha aplicación informática elaboradas a partir do propio exercicio profesional.

Competencias nucleares que debe reunir o equipo e coordinadores de caso: formación en desenvolvemento socioafectivo na etapa 0-6, psicomotricidade relacional, pragmática da comunicación, autoregulación, cultura da crianza, xogo, sistemas familiares, dinámica de grupos, traballo comunitario, desenvolvemento típico e atípico, etc., entre outros aspectos.

ÁMBITO FUNCIONAL E ACTIVIDADES

DESENVOLVEMENTO PSICOMOTOR

DESENVOLVEMENTO AFECTIVO E INCLUSIÓN SOCIAL

DESENVOLVEMENTO COGNITIVO E RECURSOS ADAPTATIVOS

DESENVOLVEMENTO DA AUTONOMÍA PERSOAL

DESENVOLVEMENTO DA COMUNICACIÓN E A LINGUAXE

COLABORACIÓN E APOIO ÁS FAMILIAS

COOPERACIÓN COS RECURSOS DA CONTORNA COMUNITARIA

ACTIVIDADES

- Consultas acollida
- Sesións diagnósticas
- Valoración interdisciplinar
- Plans personalizados de intervención
- Sesións de apoio co neno/a e a familia
- Seguimento
- Avaliación continuada
- Informes de alta ou derivación
- Actividades de prevención e sensibilización
- Rexistro e documentación
- Interconsultas
- Entrevistas de coordinación
- Coordinación interna e reunións do equipo
- Xestión e administración
- Memorias e plans de actividade
- Formación continuada
- Docencia
- Investigación
- Avaliación e planificación estratéxica
- Actividades sectoriais
- Mantenimento do servizo
- Implementación e mellora da xestión informática

Decreto 183/2013, de 5 de decembro, polo que se crea a Rede Galega de Atención Temperá (DOGA 23-12-2013)

INDICADORES DE AVALIACIÓN

Indicadores de cobertura o alcance

- C.1 Porcentaxe da poboación 0-6 atendida
- C.2 Tipoloxía da demanda
- C.3 Perfís diagnósticos da poboación atendida segundo odat
- C.4 Porcentaxe de poboación recoñecida con discapacidade e dependencia
- C.5 Sexo da poboación atendida
- C.6 Idade de acceso da poboación atendida

Indicadores estruturais e profesionais

- E.1 Accesibilidade e instalacións
- E.2 Adecuación normativa
- E.3 Actividades de formación
- E.4 Adecuación soportes
- E.5 Estabilidade dos recursos profesionais

Indicadores de actividade

- A.1 N° de prestacións individuais
- A.2 N° de consultas de acollida
- A.3 N° de sesións diagnósticas
- A.4 N° de sesións de apoio
- A.5 N° de consultas de orientación
- A.6 N° de actuacións de coordinación
- A.7 N° de sesións de equipo
- A.8 N° de prestacións comunitarias

Indicadores de procesos

- P.1 Criterios de elixibilidade para o acceso aos servizos
- P.2 O equipo examina as solicitudes e asigna o coordinador de caso
- P.3 O equipo estuda e avalía casos de forma regular unha vez a semana
- P.4 As familias reciben información e orientación sobre prestacións
- P.5 Consulta de acollida cos seus epígrafes básicos de historia de caso
- P.6 Nas preocupacións por atraso evolutivo aplícase cribado
- P.7 Rexistro de procesos e plan personalizado de intervención
- P.8 Revisión cada seis meses polo equipo
- P.9 Informe de alta dispoñible a petición da familia
- P.10 No momento de alta contan co seu perfil diagnóstico

Indicadores de resultados

- R.1 Nenos/familias 0-6 atendidas/ano
- R.2 Derivación
- R.3 Demora
- R.4 Lista de espera
- R.5 Ingresos
- R.6 Rotación
- R.7 Fidelización
- R.8 Satisfacción familias

MEMORIAS DE ACTIVIDADES



2009




2010



2011



2012




2013



2014



2015



2016




2017




2018

CONTIDOS DAS MEMORIAS: 1 Antecedentes. 2 Funcións. 3 Datos comarcais. 4 Localización e horarios. 5 Recursos humanos. 6 Memoria de actividades. 7 Avaliación. 8 Glosario. 9 Satisfacción das Familias. 10 Conclusións .11 Táboas e gráficos.

POBOACIÓN ATENDIDA



Nº CASOS / ANO



Deza	■	44	81	112	110	132	122	110	119	113	143
Salnés	■	63	110	133	124	121	128	118	143	132	154
Bergantiños	■					23	85	119	129	124	

Deza e Salnés, inicio actividade xuño 2009; Bergantiños, novembro 2014

Grazas aos datos obtidos polas udiaf sabemos que un Equipo de 3 profesionais a tempo completo pode asumir unha carga asistencial directa aproximada de 50-70 casos ao mes e ao redor de 100-120 casos ano, cun índice de rotación medio do 40-45 % dos casos.

Para manter a súa funcionalidade o equipos non deberían baixar de 3 nin sobrepasar os 5 profesionais, sendo preferible o desdoblamento á multiplicación do número de membros do mesmo equipo.

Con 30 ou 40 equipos ben distribuídos, no horizonte 2021 a rede galega de atención temperá podería cubrir o 100% do territorio e un 5% da poboación infantil, cobertura básica dunha rede de atención temperá.

* Extraído das recomendacións do documento "UDIAFS. Servizos comunitarios de Atención Temperá" (agat 2016)


PRESTACIÓNS COMUNITARIAS

Unha funcionalidade imprescindible do servizo de atención temperá é o carácter sectorizado, vinculado de xeito estable a un territorio, uns recursos e unhas familias.


Tan importante como o tempo de intervención directa son a estabilidade das vinculacións e os tempos de coordinación e apoio aos procesos de socialización na casa, na escola e na comunidade

O nº de reunións do equipo, as actuacións de coordinación, a formación continua e as actividades preventivas e de sensibilización son indicadores sensibles da calidade asistencial.

* Extraído das recomendacións do documento "Líneas de actuación. Servizos comunitarios de atención temperá" (agosto 2016)




PRESTACIONES COMUNITARIAS / MES




Deza	■	30,5	31,9	32,3	24,8
Salnés	■	30,0	31,1	33,2	33,4
Bergantiños	■	34,1	30,5	34,4	41,7

SATISFACCIÓN DAS FAMILIAS



SATISFACCIÓN DAS FAMILIAS



Deza	4,60	4,40	4,75	4,80	4,88	4,81	4,87	4,94	4,84
Salnés	4,60	4,40	4,74	4,68	4,76	4,79	4,79	4,84	4,83
Bergantiños						4,71	4,84	4,78	4,76

Dimensións avaliadas (puntuación máxima=5)

- Acollida recibida.
- Posibilidade de falar das nosas preocupacións e ser escoitados.
- Accesibilidade e dispoñibilidade dos profesionais.
- Satisfacción coa información, atención e orientacións que recibimos.
- Coordinación e colaboración da udiáf con outros recursos e servizos.
- Confianza nos profesionais da udiáf.


TIPOLOXÍA DA DEMANDA

O análise estatístico global e cruzado da demanda e das actividades co seu correspondente contraste casuístico avanza a existencia, en termos globais, dun sector da poboación infantil que preocupa especialmente ás súas familias ou ás redes de servizos.

Cuantitativamente, estamos a falar dun 5% a un 10% da primeira infancia que ten necesidades evolutivas permanentes ou transitorias en 0-6.

Cualitativamente, a tipoloxía e necesidades dos problemas evolutivos pode agruparse en tres clústeres de dimensións semellantes pero necesidades diferentes en cando a tempo medio de intervención, nº de sesión de apoio, diagnósticas e de coordinación.

1. Os problemas evolutivos derivados de trastornos síndrome e/ou sensoriomotrices ou as situacións de exclusión social.
2. Os que se manifestan e se detectan inicialmente na área da linguaxe e da fala.
3. Os que se manifestan e detectan de xeito precoz como aspectos afectivo-emocionais ou secundarios a problemas adaptativos.



ORGANIZACIÓN DIAGNÓSTICA -ODAT

PERFÍS EVOLUTIVOS

Desenvolvemento motor						6,5
Desenvolvemento visual						8,6
Desenvolvemento auditivo						3,6
Desenvolvemento psicomotor						8,7
Demora evolutiva						12,4
Retraso mental						3,6
D. da comunicación e linguaxe						39,1
Desenvolvemento psicosomático						13,1
Desenvolvemento afectivo						19,7
Regulación e comportamento						23,3
Espectro autista						6,6
Interacción						32,7
Contorna						12,5
	0	10	20	30	40	

Porcentaxe de crianzas que presentan dificultades evolutivas nos ámbitos delimitados pola ODAT

Utilizando a clasificación diagnóstica en atención temperá pode obterse unha maior concreción dos perfís diagnósticos e dificultades existentes nas diferentes áreas do desenvolvemento, útil para un mellor axuste dos dispositivos aos problemas evolutivos que presentan as crianzas.

Cabe destacar o elevado número de cativ@s con problemas da comunicación e linguaxe, afectivos e de autoregulación.

Problemática evolutiva á que non son alleas a frecuencia de interaccións sociais inestables ou pouco adecuadas, influidas en moitos casos pola presenza de situacións de adversidade biopsicosocial.

ESTUDOS REALIZADOS

2009

Documento de organización e funcións, glosario de prestacións comunitarias e individuais. Deseño de soportes. Memoria de actividades 2009.

[Http://atenciontemprana.Com/wp-content/uploads/2015/09/udiaf-memoria.Pdf](http://atenciontemprana.Com/wp-content/uploads/2015/09/udiaf-memoria.Pdf)

2010

Estudo dependencia: nenos/as en situación de dependencia segundo escala eve. Memoria de actividades 2010.

[Http://atenciontemprana.Com/wp-content/uploads/2015/09/ley-dependencia-atencion-temprana.Pdf](http://atenciontemprana.Com/wp-content/uploads/2015/09/ley-dependencia-atencion-temprana.Pdf)

2011

Estudo preliminar acreditación e carteira servizos. Memoria de actividades 2012.

[Http://atenciontemprana.Com/wp-content/uploads/2015/09/carteira-de-servizos-at-reducida-.Pdf](http://atenciontemprana.Com/wp-content/uploads/2015/09/carteira-de-servizos-at-reducida-.Pdf)

2012

Deseño lóxico e testing da aplicación informática. Modelo entregado á Xunta de Galicia (2016).

2013

Colaboración no módulo de procesos de acollida, valoración, intervención e avaliación para o protocolo de coordinación, intervención e derivación.

2014

Estudo perfís diagnósticos utilizando a organización diagnóstica en Atención Temperá (ODAT).

(2015): "Las dificultades de clasificación diagnóstica en Atención Temprana. La experiencia en dos unidades de Galicia", Revista Española de Discapacidad, 3 (1): 123-139 doi:

<http://dx.Doi.Org/10.5569/23405104.03.01.07>

2016

Informe xeral de avaliación e proposta de indicadores.

(2016). Udiafs. Servizos comunitarios de Atención Temperá.

[Http://atenciontemprana.Com/wp-content/uploads/2016/06/udiafs-servizos-comunitarios-at.Pdf](http://atenciontemprana.Com/wp-content/uploads/2016/06/udiafs-servizos-comunitarios-at.Pdf)

2017

Indicadores para avaliar a calidade dos servizos.

(2017): "Buscando datos e indicadores para evaluar los servicios de Atención Temprana". Revista española de discapacidad, 5 (i): 77-98.


Doi: <https://doi.Org/10.5569/23405104.05.01.05>

2018

Estudio comparativo da perspectiva das familias e dos profesionais (en preparación).

RECOMENDACIÓNS

1. Facilitar na etapa 0-6 un itinerario de crianza estable, afectivamente seguro, con boa nutrición, educación e coidados para o 100% da poboación infantil de Galicia.
2. Procurar que para 2021 a rede galega de Atención Temperá chegue a tódolos concellos e como mínimo ao 5% da poboación infantil.
3. Dimensionar os recursos e servizos de forma proporcional, equilibrada e axustada á poboación diana e as características do territorio.
4. Promover a calidade, contextualización e sinerxias dos equipos utilizando procedementos rigorosos de autorización, acreditación e avaliación.
5. Poñer sempre en primeiro plano a calidade e o coidado das primeiras relacións e as necesidades afectivas dos nenos/as.
6. Medidas activas para facilitar a estabilidade dos coidadores: permisos parentais, conciliación laboral, estabilidade profesional.
7. Apoiar a formación continua intraservizos e a práctica da supervisión externa.
8. Facilitar horizontes estables nos sistemas de concertación.



Equipos interdisciplinarios das UDIAF



Agradecemos á xunta de galicia, aos concellos, ás familias e aos recursos comunitarios dos servizos sociais, educativos ou sanitarios de cada comarca a súa colaboración e apoio no desenvolvemento deste proxecto.
A xunta directiva da agat - novembro 2019